

# ANPA BRIGANTIUM

Asociación de Nais e Pais do  
CEIP Fco. Vales Villamarín  
[anpabrigantium@gmail.com](mailto:anpabrigantium@gmail.com)

## **Membros Xunta Directiva**

*Presidenta: Amaya García  
Vicepresidenta: Lupe Lema  
Tesoureiro: Fran Torrado  
Secretaria: Marta Castro  
Vogal: José M. Nogueira  
Vogal: María Rufino  
Vogal: Moncho Bouzas*

## **Extracto da sesión celebrada en asemblea ordinaria da Anpa Brigantium do CEIP Francisco Vales Villamarín o día 26 de setembro de 2014**

Comeza a asemblea en segunda convocatoria ás 19:34 con 72 pais/nais presentes e os seguintes membros da xunta directiva: Amaya García, Lupe Lema, Fran Torrado, Marta Castro, José Manuel Nogueira, María Rufino e Moncho Bouzas.

Según a orde do día os temas a tratar son:

**1. Aprobación da acta anterior, se procede.** Sométense a aprobación as dúas actas pendentes: acta da asemblea ordinaria celebrada o 27 de setembro de 2013 e acta da asemblea extraordinaria do 28 de marzo de 2014, ambas expostas con anterioridade no taboleiro de anuncios que a ANPA posúe na porta principal do colexio e no blog da asociación. Con anterioridade, os socios e socias desta ANPA, así como o resto dos pais/nais do colexio foron informados da exposición destes borradores. Apróbanse as actas por unanimidade e sen comentario algún por parte dos asistentes presentes no momento da votación.

**2. Estado de contas. Aprobación se procede.** Infórmase de que o saldo da conta da ANPA a 31 de maio de 2014 ascende a 2.814,71 euros. As contas apróbanse por unanimidade.

### **3. Información sobre o curso 2014-2015**

**3.1. Organización do centro (alumnado).** Infórmase do número de alumnos/as por ciclo, curso e número de aulas, repartíndose do seguinte xeito: E.I. 2º ciclo 301, E.P. 1º ciclo 242, E.P. 2º ciclo 232, E.P. 3º ciclo 215, facendo un total de 990 alumnas e alumnos .

**3.2. Organización do centro (catálogo de profesores):** Exponse o listado de mestres e mestras por materia, con praza definitiva e provisional.

## ANPA BRIGANTIUM

Asociación de Nais e Pais do  
CEIP Fco. Vales Villamarín  
[anpabrigantium@gmail.com](mailto:anpabrigantium@gmail.com)

**3.3. Charla a cargo do equipo directivo.** Prevese que o equipo directivo organice unha charla informativa para as familias a principios de curso. Como todos os anos, informárase da situación do colexio e do programa educativo, ademais de resolver as dúbidas que teñan as nais e pais.

**3.4. Días non lectivos.** Infórmase de que o Consello Escolar aprobou como días non lectivos o 3 de novembro de 2014 e 4 de maio de 2015.

**4. Actividades extraescolares.** Exponse o cadro coas diferentes actividades, horarios, lugar no que se levarán a cabo e o listado de monitores. O comezo será o 1 de outubro do 2014 e finalizarán o 31 de maio do 2015. Este curso serán xestionadas polo Club Santo Domingo, tal e como se aprobou na asemblea extraordinaria do 28 de marzo do presente ano, asinándose un contrato co club para o curso 2014-2015. Indícase o prazo de pagamento das actividades e a forma de facelo. Tamén se informa das extraescolares que se ofertan ao alumnado do IES Francisco Aguiar e do IES As Mariñas.

**Como actividades puntuais:**

- ✓ Certame / Concurso de Pintura e Debuxo FERTIBERIA (a nivel de todo o estado). Dirixido a nenos/as 1º, 2º, 3º e 4º de Primaria.
- ✓ Posibilidade das IV Xornadas sobre Atención á Diversidade.
- ✓ Outras actividades formativas, aínda sen concretar / definir.

**PREGUNTAS E RESPOSTAS SOBRE ESTE PUNTO:**

1. As actividades manteñen o horario fixado no caso de que se supriman outras? Si, nese caso manterían o seu horario.
2. Se hai que suprimir algunhas actividades, os nenos e nenas matriculados nelas poden escoller outras? Si, poden.

**5. Axendas escolares.** Infórmase de que se repartirán, a cargo da ANPA, as axendas escolares entre o alumnado de 2º e 3º ciclo de educación primaria, sexan ou non socios da ANPA. Insístese na importancia desta ferramenta como canle de comunicación entre o profesorado e os e pais e nais.

**6. Información reparto dos cheques comedor do curso 2012-2013.** Comunícase que se informará ás familias do día que se repartirán os cheques-comedor, que corresponden ao último curso que a ANPA xestionou o comedor escolar. O importe total da axuda é de 7.245,34 euros, repartidos proporcionalmente entre os usuarios, según as veces que utilizaran este servizo. Quedarán excluídos os usuarios que perciban menos de 10 euros.

# ANPA BRIGANTIUM

Asociación de Nais e Pais do  
CEIP Fco. Vales Villamarín  
[anpabrigantium@gmail.com](mailto:anpabrigantium@gmail.com)

**7. Situación do novo centro de infantil.** Explícase a situación do novo centro, rematado a tempo para comezar o curso, pero funcionando como aulario, non como colexio independente, incumprindo o compromiso da Administración coa comunidade educativa de Betanzos. Esta decisión afecta moi negativamente á calidade do ensino, xa que implica unha dotación menor de recursos económicos e humanos e dificulta a xestión do colexio, que agora conta con dous centros de ensino separados 400 metros. Explícase resumidamente toda a traxectoria de reivindicacións e loitas que promoveron as diferentes directivas desta asociación ao longo deste anos, así como os compromisos adquiridos pola Administración, facendo caso omiso na actualidade. Para avalar esta explicación faise un percorrido pola hemeroteca, contrastando eses compromisos coa inesperada decisión final. Asemade, móstrase documentación (DOGAS), na que se anuncia a creación dunha EEI en Betanzos, non unha ampliación do Vales Villamarín, así como fotografías do novo centro, dotado de dependencias para dirección e xefatura de estudos. Destácase tamén a creación dunha comisión de seguimento do centro de educación infantil, constituída no momento no que se comeza a falar de aulario e non de colexio, formada pola dirección do colexio, representantes desta ANPA, alcaldía e representantes dos grupos políticos de Betanzos. A pesar da unanimidade na postura dos membros desta comisión, defendendo a necesidade de que o novo centro fose independente, o PP local modifica esta postura nun pleno municipal, apoiando a decisión da Xunta.

Comunícase que o pasado 17 de setembro esta xunta directiva reuniuse co xefe territorial de educación, quen adquire os seguintes compromisos:

- Apertura dunha porta peonil na parte traseira do novo centro, que desconxestione a entrada principal, a fin de reforzar a seguridade vial.
- Posibilidade de creación dunha xefatura de estudos no centro de infantil.
- Aumento de dotación presupostaria para o Vales Villamarín.

Infórmase de que esta xunta directiva contactou cos grupos políticos que teñen representación parlamentaria e todos presentan unha pregunta sobre esta cuestión no Parlamento. Ademais, o BNG, aborda tamén esta cuestión a través dunha pregunta oral dirixida ao secretario xeral técnico de educación. Exponse un vídeo co resumo das intervencións de Francisco Jorquera e Jesús Oitavén.

## **PREGUNTAS E SUXESTIÓNS SOBRE ESTE PUNTO:**

1. Un pai suxire que as nais e pais poderían liderar actuacións de vixilancia mentres non se fai a porta traseira, a fin de reforzar a seguridade vial na zona.
2. Unha suxerencia é que as familias entren no recinto escolar para deixar espazo libre ás cuidadoras dos autobuses.
3. Pregúntase se é posibel que o Concello se encargue de facer a porta traseira. Respóndeselle que non porque é unha obra que corresponde á Xunta, non ao Concello.
4. Outra suxerencia é que os autobuses paren no lateral da gardería “Galiña Azul”.

# ANPA BRIGANTIUM

Asociación de Nais e Pais do  
CEIP Fco. Vales Villamarín  
[anpabrigantium@gmail.com](mailto:anpabrigantium@gmail.com)

5. Un pai comenta que lle parecería mellor que todo o alumnado accedese ao recinto polo lateral do centro, xa que é unha vía secundaria.
6. Pregúntase polo patio cuberto, xa que o novo centro non dispón dun espazo tan necesario, tendo en conta o noso clima. Explícase que cando a administración mandou os planos, detectouse este erro e así foi comunicado. Sen embargo, o novo centro foi construído sen patio cuberto.
7. Suxírese marcar e delimitar claramente as zonas de entrada e saída para reforzar a seguridade.
8. Pregúntase se se habilitará unha zona de xogo con columpios, areeiro.... Infórmase de que esta actuación tamén é competencia da Xunta, pero que se trasladará esta demanda ao Concello, a fin de que poidan facerse cargo.
9. Outra pregunta é se os gastos de mantemento dos centros (calefacción, fotocopias...) van ser sostidos cos mesmos recursos que ata agora. Explícase que ata este momento non hai constancia dun aumento nos orzamentos para o Vales Villamarín, pero que, tal e como se comentou, existe un compromiso por parte do xefe territorial de aumentar a dotación económica para o noso colexio.
10. Pregúntase se é posíbel que a situación revirta. A resposta é que a xunta directiva seguirá levando a cabo actuacións con este propósito, reivindicando que o centro de infantil sexa un colexio independente.
11. Suxírese que se desvíe o tráfico da zona.
12. Unha nai insta ás familias a apoiar e secundar as actuacións da ANPA.
13. Plantéxase, como reflexión, as negativas consecuencias na docencia se parte do profesorado (especialistas) ten que desprazarse dun centro a outro.
14. O anterior presidente da ANPA Brigantium, Fernando Suárez, deixa constancia do incumprimento por parte da Xunta dos compromisos adquiridos ao non crear unha EEI en Betanzos, mostrando o seu apoio a esta xunta directiva.
15. Pregúntase se existe algunha vía legal para revertir a situación do centro de infantil, ao ser licitado como unha EEI. Un pai opina que o sindicato ANPE pode asesorarnos sobre esta cuestión.

**8.Como facerse socio.** Lémbrese o mecanismo empregado para facerse socio/a, o prazo, o formulario, a cota familiar e as vantaxes económicas. Cada curso escolar as familias interesadas en asociarse deberán cumprimentar a folla de inscrición, aínda que foran socias o curso anterior.

**9.Reorganización da xunta directiva.** Infórmase do estado da xunta directiva para o curso 2014-2015.

PRESIDENTA : Amaya García  
VICEPRESIDENTA : Lupe Lema  
TESOUREIRO : Fran Torrado  
SECRETARIA : Marta Castro

# ANPA BRIGANTIUM

Asociación de Nais e Pais do  
CEIP Fco. Vales Villamarín  
[anpabrigantium@gmail.com](mailto:anpabrigantium@gmail.com)

VOGAIS :

- José Manuel Nogueira
- Moncho Bouzas
- María Rufino (baixa)

Anímase ás persoas presentes a formar parte da xunta directiva da ANPA Brigantium.

Sen máis suxestións , nin preguntas, péchase a sesión ás 21:38 h.